

RESOLUCIÓN DO 21 DE OUTUBRO DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE AUTORIZA UN CURSO DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA

ANTECEDENTES

O día 08/08/2025 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar resolve a concesión dunha subvención ao proxecto "accións formativas e promoción da confraría de Cedeira" presentado pola confraría, ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local participativo aprobado polo GALP 1 Mariña Ortegál. Dentro destas accións formativas está o curso de Mariñeiro/a Pescador/a.

O día 03/10/2025 a confraría de Cedeira solicita ao Servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras autorización para realizar un curso de Mariñeiro/a Pescador/a.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Os Reais decretos 4189/1982, do 29 de decembro, 1283/1987 do 2 de outubro, 1378/1997 do 29 de agosto e 1749/1999 do 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia, funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.
- Real Decreto 36/2014 do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.
- A Orde do 31 de xullo do 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 149/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece no apartado 1.c) do artigo 12 que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer
- Orde do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo(EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025 (código de procedemento PE155A).

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





- Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados (RDC).
- Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004 (RFEMPA)
- Programa FEMPA, aprobado pola Decisión da Comisión de aprobación do Programa FEMPA en España (CCI 2021ES14MFPR001) o 29 de novembro de 2022 .O Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión Europea, polo que se modifican os Regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm.1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012 (Regulamento financeiro da UE)

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE,

Convocar un curso de Mariñeiro/ Pescador/a na confraría de Cedeira **desde o 10 novembro ao 21 de novembro de 2025**, coas seguintes condicións:

Primeira. A confraría de Cedeira deberá presentar no servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a documentación que se indica na Orde do 31 de xullo de 2014, xunto co xustificante de aboamento das taxas que outorgan o dereito ao exame.

Segunda. A entidade facilitará as instalacións e medios precisos para o desenvolvemento do curso.

Terceira A confraría encargárase da información e recollida da documentación que se precisa para a inscrición no curso das persoas interesadas.

Cuarta. Para matricularse no curso deberán presentar a solicitude cuberta segundo o modelo (anexo I) acompañada da fotocopia do DNI ou NIE.

Quinta. O curso poderá ser inspeccionado e supervisado por persoal funcionario da Consellería do Mar.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdesevolvemento@xunta.gal



Sexta. O alumnado para presentarse ao exame final do curso de mariñeiro/a pescador/a deberá asistir con regularidade ás clases e non superar nun 10% a cota de faltas da carga lectiva.

Sétima. Rematada a formación o alumnado deberá realizar un exame perante un tribunal nomeado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Oitava. Deberán tamén cumprir con todas aquelas condicións establecidas na Orde do 31 de xullo de 2014 para o desenvolvemento dos cursos.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

M^a de los Ángeles Vázquez Suárez

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





ANEXO I

MATRÍCULA DO CURSO DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI ou NIE
ENDEREZO	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL E PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

EXPÓN:

Que reúne todos os requisitos para realizar o curso de MARIÑEIRO/A PESCADOR/A que terá lugar na confraría de CEDEIRA e para o que achega a seguinte documentación:

- FOTOCOPIA DO DNI ou NIE

SOLICITA:

A matrícula no dito curso

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LUGAR E DATA:

SINATURA:

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal

